

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e dous de decembro de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e a Interventora Xeral Municipal accidental, dona María Baza Poudereux, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para ampliación e modificación de nave industrial construída con licenza número 158/18, composta de planta soto, planta baixa e unha planta alta para almacén de materiais de construción, na rúa María Barbeiro, número 69, vial B. parcela H.3.A, Parque Empresarial as Gándaras. expte: 2021/y001/000233 e para a demolición dunha nave industrial, na rúa dos Canteiros, número 18. (expte: 2021Y001/000287).

Acórdase denegar a licenza urbanística para construción de vivenda unifamiliar illada no núcleo rural rebordaos, parroquia de O Veral. (Expte: 2021/Y001/000087).

Acórdase conceder a licenza urbanística para as modificacións en execución de obra do proxecto básico e de execución para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, na rúa Couto Grande, 21, polígono 2, Louzaneta-Areeiras (expte: 2021/Y001/000035).

Tamén se acorda denegar a licenza urbanística para reestruturación parcial do forxado do solo de planta 3ª do edificio de vivendas da praza Mártires de Carral, nº 1. (Expte:2021/Y001/000106).

2. PLANEAMENTO.- Acórdase aprobar o proxecto de modificación puntual 03 do Plan Xeral de Ordenación Municipal Vixente, aprobado definitivamente de forma parcial por la Orde do 29-4-2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), no ámbito territorial da ficha I-53 do seu catálogo de protección ("estación de ferrocarril") para a descatalogación do edificio de correos: Aprobación do proxecto técnico.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase aprobar a prórroga do contrato dende o 2/12/2021 ata o 1/12/2022 no expediente de servizo de coordinación de seguridade e saúde no contrato de “Servizo de mantemento das vías públicas municipais da zona rural no Concello de Lugo”. Exp. ref. 2020-C003-000054.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da obra “Peatonalización da rúa Calzada da Ponte” incluído no programa operativo FEDER Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro con financiación do 80%. Exp. ref: 2021-C002-000049.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade e suxeito a regulacion harmonizada na contratación do servizo de mantemento do sistema integral de Xestión Municipal do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de contratación. Exp. ref. 2021-C003-000042.

Así meso, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada na contratación da sumministración de estrutura modular flotante para Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref.2020-C004-000037.

Acórdase a adxudicación na contratación da obra “Reurbanización do tramo final da rúa Industria”. Exp. ref. 2021-C002-000050.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e da adxudicación polo procedemento aberto na contratación dun servizo denominado asistencia técnica para a elaboración, implementación, seguimento e avaliación do plan de acción da axenda urbana “Lugo Cidade Verde” e das súas actuacións asociadas e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021/C003/000044.

4. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de oficial conductor/a maquinista padexeiro/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2018).

Taméns e acorda a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a dúas prazas de oficial albanel pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2018).

Así mesmo, acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de operario (brigada de obras) pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, queda libre (OPE 2018).

Tamén se acorda o compromiso de incorporación dunha praza de auxiliar administrativo/a na próxima oferta pública de emprego deste Concello para o ano 2022.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.